

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Permanente da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **10 de febreiro de 2021**.

1. Apróbese por asentimento a acta da sesión anterior (29/10/2020).
2. O Director informa de que:
 - O primeiro cuadrimestre rematou sen moitos casos COVID-19 e que o segundo cuadrimestre comezou cunha semana de retraso e con docencia totalmente online.
 - Mercouse material que cobre as necesidades do profesorado para impartir docencia na modalidade online.
 - Rematou totalmente a instalación da Aula Magna.
 - Tivéronse problemas de rede no laboratorio de libre acceso.
3. Apróbanse por asentimento os proxectos formativos das prácticas externas ofertadas en empresas para a Titulación de Grao en Enxeñaría Informática - 2ª convocatoria do curso 2020/2021.
4. Apróbese por asentimento a asignación definitiva de prácticas externas (2ª convocatoria do curso 2020/2021) da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática.
5. Ratifícase a asignación dun Traballo de Fin de Grao e o seu Profesorado Titor (curso 2020/2021).
6. Apróbanse por asentimento os cambios de titorización, título e resumo de Traballos de Fin de Grao.
7. Apróbese por asentimento o nomeamento dun tribunal colexiado para a avaliación dun Traballo de Fin de Grao.
8. Non hai asuntos de trámite.
9. Infórmase dunha queixa recibida polo corte de rede que houbo antes de Nadal. A resposta a esta queixa é que o centro non foi informado dese corte.
10. Non hai intervencións, nin rogos nin preguntas.